

MÓNICA RODRÍGUEZ ORDÓÑEZ, ALCALDESA DO CONCELLO DE VIMIANZO

Fai saber:

De acordo co artigo nº 5 da Ordenanza fiscal de impostos sobre bens inmobles (O. Nº 8), **aqueles bens inmobles nos que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias e/ou gandeiras terán unha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto,**

Para acadar esta bonificación, terán que solicitala no Concello de Vimianzo e presentar a seguinte documentación:

- 1.-Certificado de Facenda no que conste a situación censal do solicitante.
- 2.-Certificación de non ter débedas coa facenda estatal, autonómica, nin coa seguridade social.
- 3.- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.
- 4.- Xustificante do recoñecemento da explotación ou licenza da actividade correspondente.

Para aquelas explotacións que xa pediran a bonificación outros anos e que non fixeron modificacións, tanto de titulares como de instalacións non é necesario presenta a titularidade catastral nin licenza ou recoñecemento da explotación.

O prazo de presentación das solicitudes de bonificación rematará o 19 de novembro do 2020

Para máis información póñanse en contacto co Concello de Vimianzo, no teléfono 981716001, pregunten por Evaristo ou marquen a extensión 1218.

En Vimianzo, 22 de outubro de 2020

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez